



INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN AO EXPEDIENTE DE CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO, EFICIENCIA NA CONTRATACIÓN E INSUFICIENCIA DE MEDIOS (Art. 28 LCSP 9/2017), E XUSTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS INDICADOS NO ARTIGO 116 DA LCSP 9/2017.

Asunto	: expediente contratación
Órgano contratación	: alcaldía
Tipo de contrato	: subministración
Obxecto	: vehículo ECO con destino á Policía Local
Procedemento contratación:	aberto simplificado (art. 156.9 da LCSP)
Valor estimado	: 33.973,19 euros
IVE (21%)	: 7.134,37 euros
Orzamento base licitación	: 41.107,56 euros
Prazo entrega	: 30 días
División en lotes	: non
Código expte. axuda	: 2024/A008/000008
Código expte. contratación	: 2024/C005/000002
Plan	: Fondo de Compensación Ambiental (Código procedemento PR483A)

Obxecto do contrato

O presente contrato de subministración ten como obxecto a Adquisición dun vehículo ECO con destino á Policía Local do Concello de Santa Comba, cofinanciado ao abeiro da Orde do 24 de xaneiro de 2024, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (PR483A) (DOG núm. 17, do mércores 24 de xaneiro de 2024)

Por elo, o obxecto da axuda consiste na adquisición dun vehículo ECO con destino á Policía Local, segundo as características incluídas na memoria descritiva presentada coa solicitude da axuda indicada así como no PPT que se aprobará coa resolución de inicio de expediente, cun orzamento base de licitación que ascende a 41.107,56 euros.

Elección do Procedemento de contratación

O procedemento de contratación elixido, tendo en conta o breve espazo de tempo para a tramitación do expediente de contratación e xustificación da axuda, e ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, será o procedemento aberto simplificado.

División en lotes

No presente contrato non procede a división do mesmo en lotes, por tratarse dunha subministración completa, e ao abeiro do epígrafe b) do número 3 do artigo 99 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro, xa que logo a realización independente de diversas prestacións e/ou unidades comprendidas no obxecto do contrato dificultará a execución do mesmo dende o punto de vista técnico.



Revisión de prezos

Considerando o prazo de execución/duración do contrato e de conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

A subministración de referencia, cuxo obxecto é a adquisición dun vehículo ECO con destino á Policía Local, financíase coa achega da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental desta ano 2024, regulado pola Orde do 24 de xaneiro de 2024, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024.

De acordo con dita Orde así como na Resolución de concesión da axuda de referencia, o importe da axuda concedida ascende a un total de 23.472,16 euros, para un total de inversión prevista que comprende un orzamento base de licitación por importe de 41.107,56 euros.

A presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

Clasificación do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Para concorrer á presente licitación non se require dispor da clasificación.

Clasificación.

Non se exige por razón da contía, de conformidade co disposto no art. 159.6 en relación co art. 77.1.a LCSP.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

Polo que respecta á acreditación da solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), de conformidade co disposto no art. 159.6.b) eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica.

Os criterios de adxudicación (criterios de valoración das ofertas)

Criterios valorables de forma automática		SI
Número	Criterio e fórmula de valoración	Puntuación
1	Oferta económica/Prezo Outorgaranse 70 puntos á oferta máis vantaxosa, asignándolle ás restantes ofertas unha puntuación proporcional segundo a seguinte fórmula: $\text{Oferta máis vantaxosa} / \text{oferta licitador} \times 70$ A comparación das ofertas dos licitadores realizarase utilizando o prezo sen IVE.	70



2	Mecánica (prazo de garantía) Outorgaranse 5 puntos máximo á oferta que ofrezca maior aumento de prazo de garantía, asignándolle ás restantes ofertas unha puntuación proporcional segundo a seguinte fórmula: Prazo de licitador / prazo máis vantaxoso x 5 Deberá ser indicada en meses	5
3	Chapa e pintura (prazo de garantía) Outorgaranse 2 puntos máximo á oferta que ofrezca maior aumento de prazo de garantía, asignándolle ás restantes ofertas unha puntuación proporcional segundo a seguinte fórmula: Prazo de licitador / prazo máis vantaxoso x 2 Deberá ser indicada en meses	2
4	Equipamento específico (prazo de garantía) Outorgaranse 3 puntos máximo á oferta que ofrezca maior aumento de prazo de garantía, asignándolle ás restantes ofertas unha puntuación proporcional segundo a seguinte fórmula: Prazo de licitador / prazo máis vantaxoso x 3 Deberá ser indicada en meses	3
5	Menor nivel de emisións CO2 Outorgaranse 10 puntos máximo á oferta que ofrezca un menor nivel de emisións de CO2, asignándolle ás restantes ofertas unha puntuación proporcional segundo a seguinte fórmula: Nivel de emisións menor / nivel de emisións licitador x 10 Deberá ser indicada en gr/km	10
6	Redución de prazo de entrega Outorgaranse 10 puntos máximo á oferta que ofrezca unha maior redución de prazo de entrega, asignándolle ás restantes ofertas unha puntuación proporcional segundo a seguinte fórmula: Redución prazo licitador / redución prazo máis vantaxoso x 10 Deberá ser indicada en días	10

O prezo do contrato, a retención de crédito e o financiamento:

- O prezo do contrato:

Valor estimado : 33.973,19 euros
Importe IVE : 7.134,37 euros
Orzamento base de licitación : 41.107,56 euros

- Retención de crédito

Partida orzamentaria : 132.62400 e 151.22699
Retención Crédito de data : 13/06/2024 e 13/06/2024
Operación núm. : 220240002501 e 220240002502
Referencia : 22024000649 / 22024000650
Importe : 23.472,16 euros e 17.635,40 euros



Financiamento

ESTADO	XUNTA DE GALICIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	ACHEGA FONDOS PROPIOS
0 €	23.472,16 €	0 €	17.635,40 €

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación (art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público – en adiante, LCSP 9/2017), e insuficiencia de medios:

Visto o expediente que se tramita de solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental para este ano 2024, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, para o obxecto de "Adquisición de vehículo ECO con destino á Policía Local", neste Concello de Santa Comba, e

Visto o expediente que se tramita para a contratación da subministración dun vehículo ECO con destinado á Policía Local, cun orzamento base de licitación que ascende a un importe total de 41.107,56 euros, e

En particular, considerando a memoria xustificativa presentada coa solicitude da axuda que se tramita ao abeiro da citada convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental para este ano 2024, que extractada literalmente se transcribe a continuación:

Xustificación da necesidade de adquisición dun vehículo ECO con destino á Policía Local:

"Nesta memoria explícanse as funcións que se pretenden realizar con este equipamento, consistente na adquisición dun VEHÍCULO ECO, para destinalo ao Corpo da Policía Local deste Concello de Santa Comba, e que ven xustificada por razóns de diversa índole, aínda que todas elas encamiñadas á protección ambiental e contribuír á eficiencia enerxética e que con elo se poida tamén contribuír á redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e a unha menor pegada de carbono e outros gases contaminantes que inflúen negativamente na subida da temperatura do planeta.

Ao mesmo tempo, tamén é esta inversión unha medida de contribuír á protección de espazos naturais e ambientais, mediante labores de prevención e de vixilancia e control que realizan os membros da Policía Local, co obxectivo de unha vez detectados por estes se permita realizar tarefas de conservación, recuperación e posta en valor de espazos naturais degradados e/ou contaminados; así como a realización de actuacións que contribúan a prevención e vixilancia de espazos naturais degradados dende o punto de vista medioambiental: vertedoiros incontrolados, vertidos incontrolados, especialmente aqueles que acaban vertendo a regatos e mesmo ríos,... tanto de vivendas como principalmente de instalacións gandeiras, polo seu maior impacto e degradación ambiental.

Asemade, tamén será destinado, dentro das labores que realiza a Policía Local, á prevención e xestión de situacións de risco de incendios forestais.

Débese ter en conta que o termo municipal do concello de Santa Comba ten unha extensión de 203.1 Km2, sendo un dos concellos de maior superficie da provincia de A Coruña. Esta grande extensión territorial, xunto co baixo índice de poboación, conforman un territorio caracterizado por unha alta dispersión dos núcleos de poboación. A isto temos que engadir que xunto coa existencia de núcleos de poboación rural moi dispersos, cada vez é maior o número de persoas que abandonan o rural como medio de vida. Consecuencia directa desa alta dispersión e o continuo abandono do medio rural, fan que cada vez sexa maior a aparición de terreos non produtivos e en estado de abandono, sen un aproveitamento agrícola e gandeiro ou forestal, o que implica tanto a aparición de zonas de vertedoiros incontroladas, como a creación de extensas superficies de masa combustible forestal descontrolada e sen valor produtivo, que incrementa o perigo de incendios forestais.

Así pois, nun municipio cunha extensión tan grande como é o concello de Santa Comba, é moi importante contar cos medios materiais necesarios para loitar contra esta situacións de riscos medioambientais, especialmente no tocante a incendios forestais, dende o punto de vista da prevención dos mesmos.



Para explicar esta situación que intentamos describir, debemos ter en conta, entre outros, as seguintes características do territorio e da poboación antes mencionadas:

- O Concello de Santa Comba conta cunha extensión superior aos 200 Km2, maioritariamente territorio rural.

- Alto índice de abandono do medio rural e do campo como medio de vida, o que trae consigo a aparición de terreos abandonados e sen aproveitamento produtivo, ben sexa agropecuario ou forestal. Isto implica o abandono do monte, a aparición de masa forestal combustible e, polo tanto, un alto risco de incendios forestais.

- Elevado número de estradas secundarias que serven de conexión entre os elevados núcleos de poboación existentes, pois hai un total de 17 parroquias que están conformadas por arredor de 150 lugares ou núcleos de poboación singulares.

- Un elevado número de camiños e pistas creadas logo das distintas concentracións parcelarias, o que require un grande esforzo para o concello dende o punto de vista do mantemento e conservación das mesmas. O elevado número de pistas e camiños de concentración aumenta estas tarefas de limpeza e conservación das mesmas, tanto no referido ao estado do firme como, e fundamentalmente, á limpeza dos lindes dos camiños, pois do contrario incrementa considerablemente o risco de incendios.

- Importante número de masas comúns, xa sexan de titularidade municipal ou titularidade autonómica (Banco de Terras), que se atopan en abandono a meirande parte, e incluso algunhas delas se usan, de forma incontrolada e clandestina, como vertedoiros ilegais.

Entón, podemos dicir que se cumpren cos requisitos, obxectivos e finalidades que se establecen na **Orde do 28 de decembro de 2023 do Fondo de Compensación Ambiental**, concretamente no seu artigo 4, tal e como se indica a continuación:

- De acordo co establecido no punto **1.a) do artigo 4**, a presente actuación considérase unha **inversión en inmovilizado** e está destinada á adquisición de **equipamento**.

- De acordo co establecido no punto **2.a) do artigo 4**, son subvencionables os contratos de subministración para equipamentos, produtos, **vehículos** ou bens mobles.

- De acordo co establecido no punto **2.c) do artigo 4**, os orzamentos das actuacións necesarias para a execución das obras inclúen o IVE, xa que logo será abonado polo beneficiario da presente axuda e o mesmo non é recuperable por este concello.

- Esta actuación está recollida dentro das actuacións subvencionables recollidas no citado **artigo 4, no seu punto 3.b) e c)**: en todo caso, as subvencións están destinadas á realización de actuacións de investimento dedicados á protección do ambiente e do espazo natural, e responden a algúns dos seguintes criterios:

b): actuacións de impulso da eficiencia e de utilización sustentable das enerxías renovables;

c): outras actuacións de protección do ambiente e espazo natural.

Asemade a actuación compréndese en varios dos proxectos indicados para os criterios no **punto 4 do citado artigo 4**:

epígrafe e).1.: vehículos con distintivo ambiental cero emisións ou ECO: vehículos eléctricos, híbridos enchufables e non enchufables, gas natural ou GLP;

epígrafe e).2.: vehículos destinados a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural, incluídas aquelas actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións en sinistro ou risco. Por elo, considérase que con esta exposición queda acreditada a adecuación da actuación aos criterios de subvencionabilidade así como a necesidade da actuación proposta. "



- Por outra parte, indicar que a actuación pretende a mellora de mobilidade eficiente, xa que coa incorporación de vehículos que incorporan nova tecnoloxía que mellora a eficiencia enerxética do Concello a través do aforro de consumo de enerxía e polo tanto unha diminución dos gases de efecto invernadoiro e, polo tanto, protección do medio ambiente.

- a axuda ascende ao 23.472,16 euros do total do investimento a realizar, que suma un total de 41.107,56 euros, polo que se entende que é unha axuda beneficiosa para o concello dende o punto de vista da eficiencia económica.

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.f) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias a Policía Local, Protección Civil, prevención e extinción de incendios.

- No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as relativas á protección do medio ambiente; así como protección civil, e prevención e extinción de incendios.

Por todo elo, e tendo en conta que o Concello de Santa Comba non dispón de medios materiais nin de persoal técnico especializado nin suficientemente cualificado que poida realizar a obra de referencia, e que no caso de contratar persoal cualificado así como adquirir os medios materiais necesarios, incorreríase nun custo elevado para o concello e non se acadaría a eficiencia e eficacia esperada do contrato de obra, é polo que dende a alcaldía considérase que este contrato é necesario e idóneo para cumprir os fins e intereses municipais establecidos no artigo 28 da LCSP 9/2017.

Santa Comba, na data da sinatura deste documento.

O alcalde

Alberto Romar Landeira